



ANEXO III Referencia convocatoria: 2026/CP/084

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: PID2022-139308OA-I00	
Título: Representaciones estructuradas verdes y enchufables	
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Procesamento da Linguaxe Natural	
PERÍODO AXUDA:	INICIO: 01/09/2023 FIN: 31/08/2027
CENTRO Inv. Principal: CITIC	
OBXECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.	
LUGAR E HORARIO: CITIC, de luns a venres de 9:00 a 13:00	
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo 3	
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 18 XULLO DE 2025 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO PARA TAREFAS DE INVESTIGACIÓN (PCTI))	
Investigador/a contratado/a doutor/a <input type="checkbox"/>	Axudante de apoio á investigación <input checked="" type="checkbox"/>
Xestor/a de investigación <input type="checkbox"/> MECES Elegir	Técnico/a administrativo/a e de xestión <input type="checkbox"/>
Colaborador/a de investigación <input type="checkbox"/> MECES Elegir	Axudante administrativo/a <input type="checkbox"/>
Técnico/a de apoio á investigación <input type="checkbox"/> MECES Elegir	
XORNADA	Tempo Completo: <input type="checkbox"/> Tempo Parcial: <input checked="" type="checkbox"/> DATA APROX. INICIO CONTRATO: 16/07/2026
TIPO DE CONTRATO:	Indefinido <input type="checkbox"/> Duración determinada <input checked="" type="checkbox"/> DATA FIN CONTRATO: 30/11/2026
RETRIBUCIÓN BRUTAS: 904,76 €* PARTIDA ORZAMENTARIA: 0599230158.541A.6490206	

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Bacharelato, BUP, FPII
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC. Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria.
PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes): Titulares - David Vilares Calvo (AXU-DR), Olga Zamaraeva (Investigadora posdoutoral), Miguel A. Alonso Pardo (TIT-UN) (Secretario). Suplentes: Carlos Gómez Rodríguez (CAT-UN), Margarita Alonso Ramos (TIT-UN), Jorge Graña Gil (TIT-UN).
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

*Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.



En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPDP), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPDP (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña/Ferrol, 23 de abril de 2026

O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: David Vilares Calvo

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

A Universidade da Coruña ofrece un contrato de investigación na área de Procesamento da Linguaxe Natural (PLN). A persoa seleccionada terá a oportunidade de traballar nas áreas de predición estruturada mediante algoritmos computacionalmente eficientes. A persoa candidata seleccionada traballará con ferramentas de aprendizaxe automática, aprendizaxe profunda e PLN.

Financiamento

Este contrato forma parte do proxecto GAP (PID2022-139308OA-I00), financiado por MICIU/AEI/10.13039/501100011033 e por FEDER, UE.

Tarefas

Colaborar co equipo de investigación do proxecto nas seguintes tarefas: (i) implementación de métodos eficientes para tarefas secuenciais, (ii) aplicación deses métodos a tarefas de PLN, (iii) avaliación en conxuntos de datos estándar, e (iv) análise e comparación dos resultados obtidos con enfoques existentes.

Criterios de avaliación

A. Expediente de bacharelato en función da nota unha vez realizada a EBAU: máximo 3 puntos. Valorarase cunha escala lineal desde 0,2 puntos para un expediente cunha nota igual ou inferior a 7 puntos, ata un máximo de 3 puntos para aqueles expedientes con 14 puntos. A ponderación das materias da parte voluntaria realizarase conforme á normativa publicada no DOG para a convocatoria EBAU correspondente, aplicándose a opción máis favorable entre os graos de Enxeñaría Informática, Ciencia e Enxeñaría de Datos e Intelixencia Artificial.

B. Expediente académico de créditos superados do grao: máximo 3 puntos. Valorarase o expediente dos graos en Enxeñaría Informática, Ciencia e Enxeñaría de Datos, Intelixencia Artificial ou equivalentes cando as materias aprobadas garantan ter adquirido competencias nas áreas de Procesamento da Linguaxe Natural e Aprendizaxe Automático. Valorarase a partir dunha nota mínima de 5 sobre 10 empregando unha interpolación lineal, asignándose á cualificación de 5 un total de 0,5 puntos, e 3 puntos á puntuación de 10. Os expedientes procedentes do estranxeiro valorarase conforme á táboa de equivalencias do Ministerio de Educación. Os graos non relacionados coa área de investigación do proxecto serán valorados en calquera caso con 0 puntos. Expedientes de estudantes con menos do 65% dos créditos superados serán valorados en calquera caso con 0 puntos.

C. Experiencia en colaboración en tarefas de investigación: máximo 1,5 puntos. Hasta 0,5 puntos por cada 5 meses en becas de colaboración ou contratos vinculados a un Departamento de Computación (o equivalente) nos que se posea experiencia demostrable, convocadas pola universidade ou polo Ministerio; ou equivalentes; en función da súa competitividade e relación co proxecto.

D. Coñecemento demostrable do inglés: máximo 0,5 puntos. Asignaranse 0,5 puntos por un nivel C1 ou superior, 0,25 puntos por un nivel B2 e 0 puntos por un nivel B1 ou inferior.

E. Premios de excelencia: máximo 1 punto. Ata 0,5 puntos por premios de excelencia de bacharelato e premios ao mellor expediente anual do grao (sempre que pertencen aos recoñecidos no punto B).

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*



F. Entrevista persoal: máximo 2 puntos. Valorarase a adecuación do currículo da persoa candidata ao posto e a súa capacidade para acadar os obxectivos do proxecto no prazo previsto. Parte da entrevista será en inglés.

A comisión resérvase o dereito a declarar deserto o posto se ningunha persoa candidata acada unha puntuación igual ou superior a 4.75 puntos (sen incluír a entrevista).

As persoas candidatas que superen esa puntuación mínima, pero non sexan seleccionadas, pasarán a integrar a lista de espera.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*